

# Outros grupos nos que está recomendada a vacinación

- Mulleres, de calquera idade, con tratamento excisional de colo uterino (xa recollido no calendario vacinal do adulto).

E ademais, seguindo as recomendacións de vacinación de grupos de risco de todas as idades, recoméndase tamén a vacinación fronte ao VPH aos seguintes colectivos:

## Recomendacións de vacinación de grupos de risco

<ul style="list-style-type: none"><li>■ Infección por VIH, ata os 45 anos*</li><li>■ Homes que teñen sexo con homes, ata os 45 anos</li><li>■ Persoas en situación de prostitución, ata os 45 anos*</li><li>■ Mulleres con transplante de órgano sólido ou de proxenitores hematopoéticos, ata os 45 anos</li><li>■ Síndrome de WHIM (inmunodeficiencia primaria)*</li></ul>	Pauta: 3 doses (0-2-6 meses) independentemente da idade
--	---

\* Nestas persoas a indicación de vacinación é tanto para homes como para mulleres.

## Solicitude das vacinas

As vacinas deberán solicitarse seguindo o procedemento habitual e axustándose ás necesidades da poboación de 12 anos usuaria do punto de vacinación e a demanda para a poboación a risco desta enfermidade.

De precisar vacina Cervarix para completar pautas xa iniciadas, deberá facelo constar no apartado “observacións” do seu pedido.

## Rexistro das doses

Débase lembrar que todas as vacinas administradas deben ser rexistradas informaticamente no Rexistro do Programa Galego de Vacinación como un dereito do paciente e tamén para poder facer un mellor e máis adecuado seguimento das doses subministradas polo Programa.

É igualmente importante rexistrar tanto a primeira como a segunda dose, na que pode existir un subrexistro, polo que se deberá prestar especial atención a este proceso.

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Saúde Pública  
Andrés Paz-Ares Rodríguez

